

A ROSA TERRA

IDEARIUM
DAS

IRMANDADES
DA FALA

Ano XIII

N. 261

1.º de Xunio de 1929

CAMILO DIAZ

NÓS, Publicacións Galegas e Imprenta

Real, 36-1.º :-: A Cruña

Si ainda non ten as nosas produccions pidaas axiña
e contribuirá ô rexurdir cultural de Galicia.

ESTEBO, por Xosé Lesta Meis.	3'50 pesetas.
HISTORIA SINTÉTICA DE GALICIA, por Ramón Villar Ponte.	5'00 «
GRABADOS EN LINOLEUM, por Xaime Prada.	2'50 «
A TOLA DE SOBRÁN, por Farruco Porto Rey.	0'80 «
TRÍPTICO TEATRAL, por Antón Villar Ponte.	3'00 «
A FIESTRA VALDEIRA, por Rafael Dieste.	2'50 «
DOCTRINA NAZONALISTA, por Ramón Villar Ponte.	2'50 «
OS CAMIÑOS DA VIDA (novela en tres partes), por Ramón Otero Pedrayo.	
OS SEÑORES DA TERRA (1.ª parte).	2'50 «
A MAORAZGA (2.ª parte).	2'00 «
O ESTUDANTE (3.ª parte).	2'50 «
DE CATRO A CATRO, poemas por Manuel Antonio.	1'50 «
O PORCO DE PÉ, novela por Vicente Risco.	3'00 «
MARÍA ROSA, comedia por Gonzalo López Abente.	1'20 «
CANTIGAS E VERBAS AO AR, poesías de Sigüenza.	2'00 «
DE MIN PRA VÓS, contos populares por Ricardo Carballal.	1'00 «
O BUFÓN D'EL REI, drama por Vicente Risco.	0'80 «
O GALO, poesías de Amado Carballo.	3'00 «
SEGUNDO LIBRO DE COUSAS, por Castelao.	3'00 «
A VOLTA DO BERGANTIÑAN, por Xesús San Luís Romero.	0'50 «
ROMANCES GALEGOS, por E. Blanco Amor.	4'00 «
A LAGARADA, por Ramón Otero Pedrayo.	0'80 «
O MARISCAL, lenda trágica en verso, por A. Villar Ponte e Ramón Cabanillas.	1'00 «
VAOSILVEIRO, novela, por González López Abente.	2'50 «

EFECTOS NAVALES

de

FERRER E COMPAÑÍA - SUCESESORES

F. Bertrán e Mirambell

VIGO E A CRUÑA

(CASA FUNDADA EN 1868)

Artigos xenerás para equipo da Mariña militar
vapores, barcos de vela e pescadores.

Grandes Almacenes de Tecidos

NUEVO MUNDO

SECCIÓN DE SASTRERÍA E CONFECIONS

INMENSO SURTIDO EN PANOS DA REXIÓN E EX-
TRANXEIROS CONFECIÓNANSE TODA CRÁS DE
PRENDAS PARA MULLERES, HOMES E NENOS

San Andrés, 41 e 43 -- Teléfono 256

A CRUÑA

FILLOS DE H. HERVADA

(CASA FUNDADA EN 1865)

A CRUÑA

FERRETEIRÍA, QUINCALLA, MUEBLES, MAQUINAS, PEDRAS FRANCESAS PARA MUIÑOS ETC. ETC.

A NOSA TERRA

IDEARIUM DAS IRMANDADES DA FALA

Redacción e Administración

Rúa Real, 36 - 1.º

A CRUÑA

Precios de Suscripción

Na Cruña, mes 40 céntimos. Fora, un ano
6 pesetas. América, un ano 8 pesetas.

PAGOS ADIANTADOS

ANO XIII



1.º de Xunio do 1929



Núm. 261

AO DECORREL-OS DIAS

O estreno de «O Mariscal» pon novamente de actualidade un tema por nós tratado mais vegadas. O atraso en que se atopa a nosa música en relación con outras manifestacións da arte galega.

Parece realmente imposible que sendo o noso un pobo eminentemente folk-lórico con unha canteira musical maravillosa e inagotable non poidamos na actualidade ofrecer mais pezas musicás que algúns ensaios mais cheos de boa vontade que de acerto, algunhas rapsodias incipientes de as baladas e cantigas conosciadas de Montes, Veiga, Adalid, Baldomir, Chané e algún outro. Tampouco temos un nome de músico que poidamos dicir que sexa o chamado a levar ao pentágono, dándolle caracteres amplos, a nosa riqueza musical.

Así como na literatura, pintura, escultura e outras manifestacións artísticas poseemos obras e autores que son unha firme realidade, en música estamos aínda en período embrionario.

Porque nada significan para o firme conqwerimento d'unha valía segura no aspecto que tratamos os dous ou tres ensaios que se levan feito incluíndo tamén «O Mariscal» que sendo o mais feliz e millor de todos non demonstra a existencia en Galicia d'unha forte aitividade na arte musical. Non pasan de ser manifestacións esporádicas, de louba e agarimo, pero que non obedecen a unha concencia prena, a un continuado existir da arte musical na nosa terra.

E eso é o que nós queremos que haxa e por elo propugnamos con estas verbas. Hai na literatura galega xurdias páxinas literarias para musicalizar. «O Mariscal» foi unha. Cabanillas ten rematada «A Virxe do Cristal» que é unha maravilla. Sobran escritores para faceren bóns libretos.

En troques non existe o músico que adique a eso toda a súa aitividade. Casi todo o pouco que hai feito é obra de afeizoados.

¿Será por temor á falla de acollimento no público? ¿Por non contarmos con unha agrupación orgaizada que poida levar á escena as obras que se escribiran? Posiblemente influia algo como influie tamén na nosa deficiente literatura dramática. Mais de todos xeitos o teatro galego desenrólase con mais aitividade.

Sexan cales fosen as causas, nós quixéramos que a música galega chegara a poñerse á par co-as outras manifestacións da nosa frorescencia cultural e artística. Por ser así escollimos hoxe este tema para chamar a atención encol do caso e arelando fosen atendidas as nosas verbas por que nes están en condicións de impulsar a música galega.

EN SANTIAGO

DUAS CONFERENCIAS EN GALEGO

Unha noticia de importancia extraordinaria temos que comunicar aos nosos lectores e irmáns. O 3 de Maio no teatro da Casa Social Católica feminina de Compostela pronunciou unha conferencia en galego a distinguida e cultísima licenciada en filosofía señorita María Pura Lorenzana. A entidade onde se celebrou o aito ven dando constantemente conferencias ás que asiste somentes público feminino.

Entre as conferencias que xa se celebraron figuraron unha pronunciada no mes de Abril, tamén en galego, pol-o noso querido irmán o culto e patriota sacerdote Sr. Pedret Casado. Conferencia que meresceu entusiasta e querendosa felicitación do público e da prensa santiaguesa.

A señorita Lorenzana cantou en párrafos rebosantes de sincero e exemprar patriotismo a siñificación da nosa fala, da nosa terra e o seu dereito a constituir un pobo dono dos seus destinos fundado na súa indiscutible racialidade e historia.

Unha conferencia ateigada de ourentación pura e verdadeira, chea de sentimento e dita n'un galego cuidado e limpo cuia lectura despertou en nós unha infinda ledicia non somentes pol-o que n'ela dixo senón pol-o sintomático do feito. Quixéramos ofrecer aos nosos lectores o texto da conferencia mais nos vemos obrigados a non poder facel-o por causas fáciles de adeviñar.

A NOSA TERRA, voceiro do galeguismo militante, recolle hoxe nas súas páxinas a nova do feito e non pode ocultar a sincera e emocionante impresión que lle produxo. Con ledicia rebuldeira e fermoso agradecemento saúda xentilmente á señorita Lorenzana e faille presente a súa devoción cordialísima. O galeguismo continúa o seu camiño trunfal agarimado xa por máns feminas que así xenerosamente contribuen publicamente ao seu progreso en ben da Galiza.

¡Terra A Nosa!

MADRIGAL

*Esligando co'a sede
bebín auga
na fontenla risoña
que copiaba
os teus labios.*

*Dend'entón miña i-alma
é unha rosa
que se murcha e apaga
sí meu pranto
no'a orballa.*

* * *

NOUTURNIO

*No gran pandeiro da lúa
a brís repinica leda
para que bailen os pinos
unha xurdia muiñeira.*

*Rachan o ár aturuxos
dos mozos que van tunare
mentras a terra s'enfeita
c'o véu nupcial do luare.*

*Pon seus salaios doentes
un carro na corredeira,
niñal do rústico idilio
d'un mociño e d'unha moza.*

*No intre o río marmula
e rí con risada tola,
e guiña os ollos d'estrelas
a noite alcagüeta chocha.*

A. VILLAR PONTE

(Versos feitos d'encarga para unhas composicións musicas do mestre Doncel.)

CON FERREÑAS E PANDEIRO

De todo o que din as historias o que mais me gusta son os relatos guerreiros. Aqueles reis que luitaban feroches ao fronte dos seus exércitos i ao millor morrían matando, entusiásmame. Téñoille unha xenreira tola a aquel criado que tiña señor i axudouno, en vez de deixare que o seu amo i o rival se esnacaran a alma man a man; porque o que puido sere lida formosa convirtéuse n'un crime vulgar, sin beleza.

Claro que nas guerras hai sangue, dor, ais de muribundo, buntres a enchérense na carne fedenta dos cadáveres, fame, peste, almas mergulladas en pranto, luito... mais a historia non ten para que falare d'estas cousas miudas. Cando mais dí: N'este combate glorioso houbo mil mortos. E xa está. Os mortos entérranse i os feridos cúranse. I a min esto góstame muito. Por estas razóns capitalisimas á prehistoria non lle concedo importancia, non lle encontro interés ningún. Os homes adicados ao seu estudo non terán mais remedio que soste o que eu digo.

Cuevillas debe sentire unha emoción incompleta cando atopa un machado entre os callaus d'un castro celta. Se soubera que foi a arma de que se valeu o caudillo Treboedo para matare a sua sogra Bertoaña porque lle amarguraba a vida encirrándolle a muller, o obxeto prehistórico abranguería un valor crecedeiro, i a emoción de Cuevillas, ante as traxedias do noso pasado, testaría co patético e inenarravel.

Encontrar un machado que ninguén sabe para que sirveu, é ter nas mans unha presa de névoa, é arrancar das entrañas da terra a vaguedade i a incertidume. E si se consideran as machadas que se poden facer c'un machado, o desespero adónase do corazón e sófrese muito con este non saber sin esperanza.

Por estas e por outras, que arastora non veñen a conto, a min só me interesan os feitos que realizou a humanidade desde que soubo escribir, e gozo e divirtome muito lendo as fazañas de tantos héroes que andan por eses libros e xurnais de deus.

Hoxe quero axudar modestamente a tirar da escuridade a memoria de dous valentes guerrilleiros galegos, que cando a invasión francesa, fixeron unha ben sonada. Como xa pasou muito tempo, o son foise esmorecendo e faise mester movel-o badal novamente.

Os axentes primordiáis d'este feito histórico foron un ferreiro i un crego. Do ferreiro hai motivos d'abondo para creermos na sua valentía. Non debe sere encollido de azo o que pasa a vida domeando ferro, nin se pode dudar que quen bate o ferro a cotío, sinta medo de batel-o cobre un dia calquera. Do crego xa non hai tantos. Para explical-o seu ánimo destemido habería que proceder por hipótesis. Supoñer, por exemplo, que os porcos, ao roeremlle os libros, respetaran miracrosamente a Biblia, e que lia con frecuencia a historia dos Macabeos; ou admitirmos que a ama, mal mantida, non era un valo para a sua virtude i o crego tiña o sangue vizoso. O conto é que o caso é certo, ou pol-o menos os historiadores dano por certo. E din.

O ferreiro, con tres ás suas ordes, perseguía a cen franceses, que voaban como anduriñas axotadas, como alma que empuxa o demo. Xa levaban correndo tres cuartos de légoa cando o crego acude con tres homes mais, dos que só un traguía fusil. Xa eran oito contra cen, xa eran cinco fusiles contra cen fusiles.

Os franceses, decatados da presenza de tanta xente e de tanta arma, forman en orde de batalla; pero houberalles sido millor seguir correndo porque perden a batalla e mailo orde, fuxen ás carreiras e botan centellas en gabacho.

Xa cansos de tanto daren aos pes volven a formar en orde de batalla e comezan a facer descargas pechas. Os cinco fusileiros botanse ao chan, os franceses avantan, atacan; e cando os nosos principian a ceir i a perderen o terreo que levaban tan ben gañado a forza de correren, xurde o crego nas turmas comandando aos dous que como el non tiñan fusil e... zas! croio de aquí, cantazo de alí e rebo de acolá, derrota aos cen franceses que esgueiran atemorecidos, medorentos, espaventados.

Aquele non foi Waterloo porque non lle cadrou a Napoleón de acharese alí. Os cen franceses, ao sentiren zoalas pedras que lle guindaba o crego, abandonaron os carrós, os fusiles, os mortos, os cabalos, as maletas, os documentos, as mochilas, as mulas, a vergoña... e correron como si levaran un motor en cada perna. Os oficiais, co coronel ao flanco, guindaron os sabres e os sombreiros para moverense máis a gusto, deronlle sebo aos pés e canearon valentemente. Pero entón os oito corren e corren tras dos cen, e nonos atraparon porque se eles corrían ben os franceses corrían millor. E máis nada.

E neste máis nada fica choída a tristeza do caso. Porque diante dos cen franceses ían sete mil, e se os oito non cansan e dan a volta, tamén os derrotan. I aunque nonos derrotaran, podía a historia decire que os derrotaran, i abundaba para que fose certo.

Así, de primeiras, parece que isto rifa ca veracidade e rigorismo histórico; máis logo, fixándose unha miga, vese claramente que non hai tal cousa. Cando dous povos guerreean, nunca se da o caso de que un gañe i o outro perda: sempre saíen victoriosos o un i o outro. Isto é lóxico. Se un povo fose sempre derrotado non tería historia. A historia dos povos ten de ser marcial e gloriosa, e non se pode compor de derrotas.

Por iso eu creo que os cen franceses non corrían derrotados; ían en retirada. I unha retirada a tempo cómputase por unha victoria. I os oito nosos, que se podían retirar tamén, xa que nadie llo privava, preferiron atacar; outra victoria. Pero, en vez de seguiren adiante, deron a volta. Desde que se da a volta, a historia cala. O silencio das carabinas impón o acougo das pernas.

O crego i o ferreiro fixeron unha parvada en dala volta. Se non paran de correr podían levar aos sete mil a oito. D'aquela ou agora, que para o caso é o mesmo. E para a historia tamén.

E se algún incredulo o poñía en dúbida, que llo fose a preguntare ao ferreiro, ao crego ou aos cen franceses.

DAMIL

Galicia na Academia hespañola

O noso querido e admirado poeta Ramón Cabanillas fixo xá o seu ingreso na Academia hespañola en representación, co señor Cotarelo, da lingua galega. No discurso de entrada leu un intresantísimo traballo encol de Pondal que pol-as referencias que temos é unha páxina admirabile de acerto e valía dina filla da maravillosa pruma do noso poeta.

Contestoulle o Marqués de Figueiroa n-outro notabre traballo acerca da persoalidade de Cabanillas e Pondal. Nos dous traballos dínse cousas acertadas e loubantes da literatura galega e da nosa fala.

A Cabanillas e ao Marqués de Figueiroa enviámoslles o noso parabén cordial e garimoso.

Co ingreso de Cabanillas fica xa consti-

tuída a seición galega da Academia que forman Menéndez Pidal, Cotarelo (pai e fillo), Marqués de Figueiroa e Cabanillas.

Arelamos saber axiña as ventaxas que d'elo se derivarán pr'o idioma galego confiando no patriotismo dos compoñentes da seición.

FAISCAS

O crime de Barcelona, o trigémimo, as exposicións, o trunfo futbolístico de Hespaña sobre Inglaterra, El Jesús del Gran Poder: Sucesos e horas de febril aitividade que ningún pobo do mundo pode ofrecer atualmente.

Demostración crara e contundente de que Hespaña meresce posto de honor no conceito dos pobos vitales que dán que falar á Humanidade.

Ainda hai patria Veremundo.

¿Non habería maneira de lles tocar o trigémimo aos galegos desleigados para curalos da sua doenza?

Invitado Ortega e Gasset para dar unha conferencia en Barcelona dixo que para dirixirse a Cataluña necesitaba unha concenzuda preparación pois non podía facela de calquer maneira para sair do paso.

Vede unha nova demostración da enorme valía e representación que Cataluña ten no conceito dos hespañoles cultos.

¡Cando decirán o mesmo de Galicia!

«Estampa» a revista madrileña publica unha seición onde destacadas persoalidades hespañolas en todol-os ordes veñen decindo cal e o rincón madrileño que máis lles gusta.

Fernández Flórez dixo que ningún cornecho madrileño nin Madrí enteiro lle agrada nin ten para él emoción.

Vede como o admirado humorista galego, que agora falou en serio que conosce ben Madrí dalles unha contundente leición a eses galeguiños que non pensan máis que na corte e vólvense tolos de ledicia e estúpidez cando falan da capital hespañola.

VÍCTOR CASAS

Unha serán na catedral

Eu vou acotío pol-a Catedral compostelán porque parece que atopo sempre novos atractivos na arte maxestuosa do tempo. Un día os craustros co cimateiro, onde algunhas lousas conservan inda a lenda e os escudos, testemuños da nobreza do persoa-xe alí enterrado, n-outras en troques non se atingue a lér ren; o cotidián tripeleo da xente sobor das sepolturas vai esborrando paseñamente nomes e tídoos graburados nas lousas pol-os antergos canteiros composteláns. Outro día fixámonos novamente nas fallas de Español e Dávila, maxinamos a fastuosidade do arcebispo Monroy refrexada na capela do Pilar, contempromos o Pórtico da Groria, moimento único no mundo inteiro, que garda pr'os admiradores un atractivo máxico (diríase que o mestre Mateu deu tal eispresión ó moimento que un sentimento triste esbaise ó contempromar aquelas figuras sorrintes, cheas de vida, e a tristura que acougaba a ialma, tornase ledicia), a capela das Reliquias... n-unha verba, non hai corruncho na Catedral que non recrame a atención das persoas que visitan a eirexa cobizosos da novidade artística.

Cando entro pol-a porta das Platerías atopo ó rey David tocando na viola temprada na meia noite ó compás dos chorros d'auga que san da fonte. Duas ringleiras de probes acougados ó abrigo da porta pregan unha esmola, lembrando ós visitantes a parentela de mortos pra que lle afloxen os cartos. A escea é sempre o mesmo, de xeito que eu non fago caso das ladañas pordioseiras e inda que me gusta a música, como David toca de mamoria sabe poucas pezas e somentes o día do Apóstolo ten outro repertorio. Aquel día como verdadeiro día de Galicia, de mañán cedo temprá o instrumento e bota deica a noite tocando muiñeiras que da groria ouvilas.

A pesares de que sexa a música constante repetizón dos salmos, se David deixa de tocar atópase unha falla inorme, e os probes fuxen da porta da eirexa co medo a que lles rife por quedar aldraxando ós que non dán esmola. Eu somentes ollei isto un día. Ó ru-

bir as esqueiras ollei ir correndo os probes pol-a praza da Quintana en direición da Conga. David non tocaba, tiña a viola pendurada, a faciana triste, parecía dar a entender que non habendo sentido deica agora o peso dos séculos, facía n-aquel intre relato do tempo que pasara dende que tiña acougo n-aquel lugar. O vello Rei ficaba caviloso prestando atención a lerias que eu non ouvía. Sobor da sua chola Adán tiña conta da compañeira tamén triste, como ferida por algún acontecemento pouco ledó.

Enxergando somellante escea déronme ganas de fuxir arromedando os probes; pero tiven forzas pra conter as pernas, que petinaban por dar volta, e confiado na bondade dos santos entrei na eirexa. Fun xunto ás cinzas do apóstolo e atopei un frade rezando. Na outra banda unha rapaza posta de xionllos rezaba a San Antonio, pregaba de corazón un favor do grorioso santiño porque a pouco de fixarme reparei como lle escorrían as bágoas pol-as bermellas meixelas, deixando fuxir fortes salaios e apretando contr'o peito o crucifixo do rezario. Non quixen estorbala porque maxinei requería do Santo encamiñase o seu amor por bós vieiros. Collín car'o Pórtico da Groria.

Un fato de mariñeiros ollaban pr'o moimento, arrechegueime i-albisquei aquilo cambeado. Os persoaxes uns sorriáanse i-outros escoitaban mostrando certo desacougo.

No meio dos mariñeiros había un rapaz que daba eispricazóns do moimento, cada verba era unha barbaridade, verdadeiras herexías artísticas. Decía que ós lados da chola do Noso Señor ficaba o Purgatorio, os vellos da Apocalipsis, a música celestial. Así continuou a labouradeica que tantas barbaridades dixera que os Santos decidiron abrir o libro, que teñen sempre na mau, i-enteirarse de se algun fixera unha xudia da con eles e non estaban no mesmo lugar en que os puxera o mestre Mateu. Pasaron duas ou tres follas e despois de curta discusión San Marcos pechou o libro, púxose á beira da porta e dixo: como non cales pinchote de cabeza nas pedras da praza.

O rapaz escomenzou a tremer e calou porque viu que San Marcos sinalaba co dedo o vieiro que iba percorrer se non lle facía

caso. Os mariñeiros miraron de reollo e colieron pr'a rúa; entrámentes o mestre Mateu con medo a que alguen creese nas verbas do rapaz borrou a carteliña.

Cando quedaron soios tornaron de novo á mesma posición somentes que o mestre Mateu esqueceuse de escribir a verba AR-QUITECTVS e agora soio se coñece co nome de Santo dos Croques.

A leición foi boa porque dende aquela cando alguen vai por alí San Marcos ergue o dedo, Ester e mais Daniel lémbrense do caso e sorrínse, i-o rapaz fica cos beizos pechados tendo en conta que eiquí non cabe o dito de: sexa o santo que for, ora pro nobis.

David continúa tocando na viola con mais ledicia, ollando chegar logo o día da redención en que ás portas da eirexa compostelán ouvírase o Himno da Nosa Terra.

ANTÓN FRAGUAS FRAGUAS.

Sant-Iago V-1929.

O CENTENARIO DE MURGUÍA

O 17 de Maio cumpriuse o 96 aniversario do nacemento do Patriarca das letras galegas Manuel Murguía. Como primeiro aito dos que no seu día celebraránse, conmemorando xuntamente o centenario Murguía-Rosalía, a Academia tomou o acordo de concurrir a depositar unhas frores na campa do inesquecente precursor.

Unha comisión de académicos á que acompañou varios señores da Cruña e unha representación da Irmandade, foron ao cimiterio con tal ouxeto.

Foi un aito sinxelo no que pronunciou unhas verbas en galego acesas en galeguismo o noso irmán Lugrís Freire. Falou da significación que para Galicia ten Murguía e do noso deber de homenaxealo e seguir o camiño patriótico que él asinalou.

A Irmandade espallou entre os concurrentes unhas follas co discurso pronunciado por Murguía dirixido aos irmáns vascos e cataláns cando a súa visita a Galicia a fins do século pasado.

N'ese discurso está recollido o pensamen-

to patriótico do gran loitador tendo n'el conceitos e arelas que aínda hoxe son de actualidade. Unha visión crara e perfecta da Galicia do porvir que debera ser conosciada por Galicia enteira. Mais non somentes non é así se non que ademais algúns vellos académicos que ao aito concorriron non tiñan d'il a menor idea.

**Este número foi revisado
pol-a Censura.**

Gracias sexan dadas a que Murguía e o ideal galeguista contan con outros valedores.

A NOSA TERRA toma parte con todo o seu fervor n'este sinxelo homenaxe como en todos cantos se fagan para honrar a lembranza de quen nos ensinaron a amar a Galicia e loitar por ela.

FOLLAS NOVAS

VAOSILVEIRO, novela de
GONZALO LÓPEZ ABENTE.

Unha novela de cento setenta páxinas que o gran poeta muxián tiña escrita fai algún tempo e que agora «Nós» publica. Fai o número cinco das novelas publicadas pol-o autor sendo ésta a de maior extensión.

López Abente cuia sona de bon poeta, un dos de primeira ringla na poesía galega actual, traspasou xa os lindeiros de Galicia é un experto e talentado novelista como xa ten acretado en «O Diputado por Veiramar», «O novo xuez», «Buserana» e «Fuxidos».

En «Vaosilveiro» n'un esceario de amor e xentileza acada en firme o tiduo de gran novelista de quen hai que agardar xurdidos impulsos para a novela galega. Todo n'este libro e doce, maino, soave e belo.

A aición, o lugar, o idioma, peneirado de formas dialectás da comarca bergantiñán, a prosa velida como de forma de poeta e os persoaxes que na novela interveñen deixan no lector un lene engado de manxar esquisito. Unha novela de suma importancia no prometedor rosario de libros que andan a valorizar a literatura galega.

O querido, admirado e modesto López

Abente e «Nós» dannos motivos d'abondo para meresceren sendas felicitacións.

O MARISCAL, de CABANILLAS e VILLAR PONTE.

Esgotada axiña a primeira edición da gran traxedia tramada por Villar Ponte e posta en verso por Cabanillas acaba de facer a segunda a Editorial «Nós». Unha edición completamente popular para vender a unha peseta co laudable propósito de que ninguén desconoza a maxistral obra que ademais do seu inmenso valor literario ten o de ser unha páxina histórica de indiscutible verdade e de funestas consecuencias para Galicia que todo galego non debe ñorar.

Coincide a súa saída co estreno da ópera tangabada e apraudida o que pon novamente de actualidade a maravillosa produción de Villar Ponte e Cabanillas.

Leva unha artística e decorativa portada, moi en caráiter, orixinal do irman Xaime Prada e fai o volume vintatrés das publicacións «Nós».

Non fai falla decir que esta edición a pesar de ser extensa venderáse rapidamente. Meresce aprauso «Nós» por publicala novamente e na forma tan asequebre que o fixo.

COUSAS, por CASTELAO.

Ainda na lembranza a aparición do primeiro tomo de «Cousas» do xenial Castelao libro que constituía unha efemérides no renacemento literario galego, acaba de saír agora un segundo tomo con novas «Cousas» editado tamén por «Nós». Vintaseis novas páxinas literarias d'ese estilo particular e único que lle dá a Castelao sona de formidable literato e pensador, ilustrado con outros tantos dibuxos saídos do seu lápiz maxistral. Ese lápiz de todos tan admirado, que non ten igual e que tantas glorias leva dado á arte galega.

Vede que se trata d'un libro que non se olla a cotío nin en todas as literaturas. Castelaos non os hai en todas partes.

Falar da importancia do libro sería ridículo decindo que é de Castelao e falar de Castelao a estas outuras máis ridículo aínda.

Por iso istas verbas deben seren unicas-

mente para dar coñecemento aos nosos lectores da saída do libro e para celebrarmos nós con rebuldeira ledicia a ocasión de poseermos un novo feixe de «Cousas» que teña para nós como o terá para cantos saben de Castelao, que son todos, o inmenso valor das cousas grandes e únicas, admirables e verdadeiramente prodixiosas.

Que por ser Castelao xenial, os xenios non nascen todo o día, así ten de ser tamén a súa obra.

Outro pulo grandioso que dá a nosa cultura e que se debe o mesmo a Castelao que a «Nós», para quens ten de ser grande o noso agradecimento afervoado.

LECTURAS

EL PAZO DE LEBRE, por ALVARO DE LAS CASAS.

Recibimos atentamente adicado este libro que Alvaro de las Casas publicou na Editorial madrileña «Renacimiento».

Unha novela de 210 páxinas encadrada n'un marco señorial polo que desfilan coñecidos persoaxes políticos do oitocentos, con gran parte da acción en Galicia, argumento interesante e escrita con desenvoltura o que acusa no novel autor unhas boas condicións para a novela.

Alvaro de las Casas, mozo aínda, ten unha personalidade literaria que vai camiño de acadar sona. Traballa moito pois en moi pouco tempo lanzou ao público esta novela unha antoloxía da lírica galega e «Dos días en Orense».

Tres libros que son d'abondo para amosstrar a súa ben cimentada cultura e a súa capacidade literaria. Ademais anuncia novas obras algunhas xa no prelo e un tomo de versos galegos.

«El Pazo de Lebre» arrédase da tradicional forma da novela galega en castelán. Non hai n'esta ningún concepto depresivo para a nosa terra, e n'algúns momentos acusa no autor ideas axeitadas, de arelanza galeguista como por exemplo cando D. Fernando dá a entender como quere él que sexa o seu fillo. O libro en castelán non causará sorpresa nin asombro. En galego axudaría

moito a intensificar a nosa actual renascencia literaria.

Pense n'esto o autor a quen quixeramos ollar totalmente integrado na novela galega en galego. Ao fin, este será o camiño que terán de seguir todol-os nosos escritores si queren ser útiles á nosa terra e vivir a sua vida.

Agradecemos o exemplar recibido e felicitamos cordialmente ao seu autor.

A Universidade galega

Cada día ten Galiza mais fé na sua Universidade. Si Costa e Macías Picavia volveran ó mundo non poderían apricarlle as críticas que en vida adicaron as Universidades españolas. D'aquila xeneral e en conxunto xusta acusación sempre se librou a de Compostela pol-o esforzo d'algús mestres ilustres. Os nomes de Casiano del Prado, de Fontán, de Teixeira, de Casares, de D. Xacobo, de Brañas, pra non lembrar sinón algús inesquencidos mortos, xurden afirmando que na capital espiritoal da Galiza se non apagou endexamais a lámpara dos outos estudos apaixoados. Isa lámpara que ainda loce na biblioteca do sabio cando a luzada do día dibuxa as cumes do hourizonte, e isa ensinanza que dend'a cátedra raiola ideas sobr'as mozas intelixenzas. Mais hoxe a Universidade esprimenta áncias de renovación compreteta que aixiña serán unha consoadora realidade. Ponse a tono c'os tempos e será, pol-o propio esforzo merecente da axuda filial de todos, dina compañeira das groriosas Universidás da Europa. As cátedras, os laboratorios, as bibliotecas, vis-

tense á moderna. Pronto a Residenza será o fogar froitoso de mestres e discípulos. Mais agora queremos lembrar unha antiga e xusta arela de Galiza. Sabemos que a Universidade compostelán franquease a total-as iniciativas ben ispiradas. Pois n'iste caso está a que xa quizais eisista no pensamento do claustro: a creación da cátedra de literatura galaico-portuguesa. Toda Galiza crammou por ela cando se fundou na Facultade de Letras de Madrí. A desgraza que se ten encarnizado nas espranzas galegas, matou en chea colleita a vida do grande e novo erudito Victor Said-Armesto. Con il vivo Galiza estaría onde il estivese, ainda que a cátedra perteneza de dereito á nosa Terra. É iste o tempo de fundala en Compostela. Ó igoal dos vellos granitos do chán portugués e galego, aquila raiolante literatura dos canzoeiros non sabe de fronteiras políticas, forma o millor do caudal hereditario dos dous pobos irmáns. No fogar compostelán, baixo o voar ledado das bateladas ecuménicas, viviría como en ningures a cátedra de literatura galaico-portuguesa. Dado o valor do seu coñecemento está tamén indicada no cadro d'outos estudos de Madrid. Mais en Sant-Iago non sería un luxo erudito—un luxo necesario—sinón unha precisión vital pr'a cultura galega. Si o Estado non'a pode crear, de fixo os filantropos da nosa terra ou a propia Universidade saberán empregar seu diñeiro e suas enerxías na creación da cátedra agardada por toda Galiza que sinte e pensa a necesidade urxente d'unha cultura escolleita.

C. M.

Imprenta NÓS, Real 36-1.º, A CRUÑA

"NÓS" PUBLICARÁ AXIÑA

VERSOS, A TRES CÁ S O NETO, por Euxenio Montes.

PELERINAXES (tomo I, con dibuxos de Risco), por Ramón Otero Pedrayo.

ENXANGADAS e O CONTO FOI..., por Victoriano Taibo.

A MORTE DE LORD STAÜLER, por Alvaro M.^a Casas.

NEMANCOS, por Gonzálo López Abente.

A NOSA TERRA

BANCO PASTOR

Casa central: A Cruña, fundada en 1876

Capital suscrito, 17.000.000
Capital desembolsado, 8.500.000

CARBALLIÑO - CARBALLO - O FERROL - A ESTRADA - LUGO - MELIDE - MONDOÑEDO - MONFORTE
MUXÍA - NOIA - OURENSE - ORTIGUEIRA - PADRÓN - PÓBOA DO CARAMIÑAL - PONTEDEUME
RIVADABIA - RIBADEO - SARRIA - TUY - VIGO - VILLALBA E VIVEIRO

ZINCKE HERMANOS

LIBREIRÍA PAPELEIRÍA
IMPRESA

Cantón Grande, 21 -- Estrella, 37

A CRUÑA

PAULINO FREIRE
BOUZAS — VIGO

Sucursales: na Cruña - Ferrol

Redes d'algodón para tarrafa Aparellos armados e
en panos, para barcos pesqueiros. Malletas de abaca
e cáñamo alquitranado-Cables de aceiros, ingleses
Aceites xenerás e vexetaes, e surtido completo para
maquinaria e pesca.

SANTA LUC A, 26 e 28

A CRUÑA

A superioridade dos CALZADOS SENRA

Abonda para xustificar a preferencia dos consumidores, mais
o procedere d'unha industria galega,

HONRA DA NOSA REXIÓN

obriga á non gastar outros á cantos sinten amor pol-a sua Terra



Fábrica: Avenida da Granxa -- A CRUÑA

DESPACHOS: Cantón Grande, 15 - A CRUÑA -- Real, 110 - FERROL, - Príncipe, 9 - VIGO

AGUAS DE
MONDARIZ

FUENTES DE GÁNDARAY TRONCOSO

Propiedad de los Sres. Hijos de Peinador



Véndese en todas
Boticas, Droguerías
Hotels,
Depósitos d'augas
minerás,
Restaurants e
vagos camas de
todol-os três

As mais indicadas en casos
de artrismo, desnutrizón, diabetes,
obesidades diversas, doenzas do
aparello dixestivo, anemia
e neurastenia

Riquisma auga de mesa
gaseada naturalmente.

MONDARIZ - BALNEARIO

a 35 kilómetros de Vigo